

## Concello de Viveiro

---

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 167, de 22 de xullo de 2019, publica a convocatoria do proceso para a selección dun **XEFE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais. Expte.: 4529/2019.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2019.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, aprobarase por Resolución da Alcaldía no prazo máximo dun mes a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."*

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de Galego
1	CHAO FERNANDEZ MOISES	EXENTO

**SEGUNDO.-** Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

### PRESIDENTE:

**Titular:** Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

---

### Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

**Suplente:** Dna. Beatriz Vale Conesa, Profesora de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

### **VOGAIS:**

**Titular:** Don Eduardo Otero Pardo, Técnico de informática do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaría do Concello de Viveiro.

**Titular:** Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

**Suplente:** D. Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

**Titular:** Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

**Suplente:** D. Jose Vale Estevez, Vigilante Fiscal do Concello de Viveiro.

### **SECRETARIO:**

**Titular:** D. Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dna. María Del Carmen Vale González, Xefa de Negociado de Estadística do Concello de Viveiro.

**TERCEIRO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na Sala de Xuntas do Concello de Viveiro o Martes día 06 de agosto de 2019, ás 11:00 horas, para a súa constitución e para realizar a valoración de méritos acreditados polos aspirantes.

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique.

A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto.

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

---

## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147